

AER CRITICA O DESPILFARRO EN CEMENTO INNECESARIO EN PROL DUN FALSO PROGRESO IMAXINARIO



A ministra de Fomento vén de poñer a primeira pedra do tramo A Ermida-Vilaboa da futura autovía A-57, que enlazará coa A-59 que estrangulará ao concello de Redondela. Unha vez máis o goberno do Partido Popular segue a folla de ruta pre-elaborada polo anterior goberno do PSOE para, en cuestión de poucos anos, rodear Redondela de grandes infraestruturas e atacar directamente á calidade de vida da veciñanza do noso concello. A aposta polo cemento que sempre caracterizou ao PSOE está sendo maxistralmente executado polo Partido Popular, e tanto Redondela como outros concellos da comarca (Vilaboa, Pazos, Soutomaior ou Pontevedra) están padecendo esta teima de apostar pola construción compulsiva, e cuasi enfermiza, de infraestruturas innecesarias. Despois do desastre do AVE que cortou o concello en dous, deixando como grande beneficio unha estación pantasma, seguiu-se coa ampliación da ponte de Rande que vai destruír patrimonio, expulsar das súas casas a veciños de Trasmañó e de Chapela, así como, deixar unha vez máis a media parroquia de Chapela totalmente afectada pola fortes limitacións de Fomento. Agora, o bipartito PP-PSOE avanza neste proxecto que xa fora fortemente contestado pola veciñanza de Redondela, Pazos e Soutomaior e que na actualidade, e dende hai uns anos, é a veciñanza de Vilaboa entorno a plataforma Salvemos A Fracha quen está loitando máis activamente contra este despropósito.

A Agrupación de Electores de Redondela demanda que o noso Concello consiga a información pertinente para dar contas á veciñanza sobre a evolución desta nova desfeita. Novamente tivemos que ver que despois de solicitar información desta obra no Consello Parroquial do Viso, houbo que enterarse destas cousas outra vez a través da prensa.

Dende AER criticamos enerxicamente a desastrosa política en materia de infraestruturas levada a cabo polo actual Ministerio de Fomento mal xestionado polo Partido Popular, destinando inxentes cantidades de cartos públicos en infraestruturas innecesarias, en inversións non demandadas pola cidadanía e camiñando nun modelo social oposto ás tendencias actuais das sociedades máis desenvoltas. En Redondela quedanos claro tanto coa ampliación da AP9, coa mentira da Alta Velocidade e máis coas autovías A-57 e A-59, que o modelo de país do bipartito PP-PSOE camiña máis cara ao “todo vale” dos países en vías de desenvolvemento que cara a unha sociedade medio-ambientalmente e socialmente respectuosa e sostible do século 21.

Redondela, 19 de outubro de 2015